

## **Desvío nas liñas de transporte urbano con motivo do corte de tráfico na rúa París en Fontiñas (a partir do sábado 5/12, de 9:00 a 15:00)**

Con motivo do mercadillo que terá lugar os sábados pola mañá no barrio de Fontiñas e o peche de tráfico da rúa París, as liñas que circulan pola zona terán que realizar os desvíos que se indican.

As liñas afectadas son todas as liñas circulares: **C2, C4, C5, C6 e C11**.

Quedarán suprimidas as seguintes paradas do transporte urbano:

**365, París (parque) / 300, Madrid nº 17 / 132, Bruxelas / 364, París (Área Central) / 360, París (Área Central subida) / 361, París (cruce Bruxelas) / 363, París (cruce Moscova) / 322, Moscova / 636, rúa do Valiño nº 2 (para as liñas C5 e C6)**

### **Desvíos por liña e traxecto:**

-**Liña C2:** desde a rúa de Roma, en lugar de xirar cara a rúa Moscova terá que continuar pola rúa de Roma ata a finalización da mesma e despois pola rúa de Londres.

-**Liña C4:** desde a rúa Londres, en lugar de xirar cara a rúa de París, continuará ata a finalización de Londres e despois por Roma, continuando o seu itinerario habitual polo Camiño Francés.

-**Liñas C5 e C6:** \*Sentido Amio – centro: desde a rúa de San Lázaro, para acceder á rúa Roma terá que facer o cambio de sentido na rotonda de acceso ao centro comercial (Camiño Francés con Monte dos Postes). Accederá á rúa de Roma e continuará por Londres có seu itinerario habitual.

\*Sentido centro – Amio: desde a rúa Londres, en lugar de xirar cara a rúa de París, continuará ata a finalización de Londres e despois por Roma, continuando o seu itinerario habitual pola rúa de San Lázaro.

-**Liña C11:** \*Sentido C. C. As Cancelas – centro: desde a rúa do Valiño, non poderá xirar á rúa de París, có que continuará para coller a rúa de Roma e despois por Londres retomando o seu percorrido habitual.

\*Sentido centro – C. C. As Cancelas: desde a rúa Londres, en lugar de xirar cara a rúa de París, continuará ata a finalización de Londres e despois por Roma, continuando o seu itinerario habitual polo Camiño Francés.

### **Paradas alternativas (sábados 9:00-15:00):**

\*Na rúa de Roma, en sentido de baixada:

- Roma con Praga.
- Roma con Varsovia.

\*Na rúa de Roma, en sentido de subida:

- Roma fronte o acceso a Área Central.
- Roma con Bruxelas.

